

O RESPLANDOR

Stanley Kubrick, 1980

1327

ESTREA EN NUMAX: 08.07.2024 | V.O.S.E. | +12 | 144 min

Jack Torrance trasládase canda a súa muller e o seu fillo de sete anos ao impresionante hotel Overlook, Colorado, para se encargar do mantemento das instalacións durante o inverno, época na que fica pechado e illado pola neve. O seu obxectivo é encontrar paz e acougo para escribir unha novela. Porén, pouco despois da súa chegada ao hotel, ao tempo que Jack empeza a padecer inquietantes transtornos de personalidade, sucédense estraños e arrepiantes fenómenos paranormais.

«Un filme no que os propios actores vibran de inquietude»

Roger Ebert



Diane Johnson, coguionista d'O resplendor: «É interesante ver como un libro bastante malo pode ser tan eficaz nun filme»

Traballamos xuntos durante tres meses. Foi en 1978, penso. Kubrick vive nunha casa das aforas de Londres. Pese a que prefire que os seus colaboradores vivan preto del, na súa casa, aluguei un apartamento no centro da cidade; íame mellor. Cada día, cara ás dúas, un coche víñame buscar e conducíame á súa casa, a corenta minutos de alí; pasabamos o resto da tarde a traballar xuntos. Ten unha gran sala de traballo, unha caste de salón con grandes mesas e teléfonos.

Sentabámonos na mesma mesa e... falabamos. Primeiro elaborabamos, canda un por separado, borradores; despois comparábalos, discutiamos para saber por que tiñamos rexeitado ou conservado tal escena; daquela faciamos outro borrador e así, até tres ou catro consecutivos. Despois eu ficaba en casa unha semana para engadir algunhas escenas; volvíamos discutir e finalmente decidiámonos.

Traballamos por separado no libro; cando faciamos os nosos borradores, decidiamos cada un pola súa conta o que se conservaba ou se rexeitaba para o guión. Para min, moitos acontecementos eran completamente externos respecto á historia. Kubrick tamén descubría algúns e o que restaba era o nó narrativo fundamental.

Eu tiña varios exemplares do libro que cortaba en anacos e repartía en diferentes sobres: o sobre de Danny, o de Jack, etc. Stanley tiña o seu propio método que consistía en percorrer o conxunto do texto en todos os sentidos tomando notas. De feito, non tiñamos ningunha idea a priori, o seu método era máis interesante e respectuoso. Entre nós, *The Shining* non fai parte da gran literatura. Dá medo, é eficaz e funciona, sen máis. Pero precisamente é interesante ver como un libro bastante malo pode ser moi eficaz. O que é evidente é que a idea de base é moi boa. De feito, Stephen King posúe unha estraña capacidade para obter este tipo de efecto, provocar o medo no lector.

Publicado Positif, núm. 238, Xaneiro, 1981

Shelley Duvall, actriz d'O resplendor: «O ambiente no set de rodaxe non era moi divertido»

Stanley dedicou bastante tempo a ensinarme moitas cousas sobre o manexo da cámara, sobre os obxectivos e en particular sobre o 18, que el prefería sobre calquera outro para este filme xa que deformaba os nosos rostros e facíanos feos pero favorecía o mobiliario. Suplicámoslle en van que empregase o 50 ou o 70. Levábanos de cabeza porque quería que tivéssemos o aspecto duns medorentos, e probablemente o conseguíu! Jack debía estar sempre montando en cólera e eu histérica. No que se refire a Stanley estaba moi serio. En xeral non había un ambiente moi divertido no set. Durante os tres meses de rodaxe Stanley pasamos o tempo libre a xogar ao xadrez. El era moi bo, dábame vantaxe, mesmo facía por perder a raíña... E aínda así me gañaba o moi lambón!

Publicado en Positif, núm 268, Xuño 1983



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El resplendor,
Stephen King.
Debolsillo, 2013

Kubrick en casa,
Vicente Molina Foix.
Anagrama